

ENTREVISTA | Kevin Garcia (Cangas, 1983) está considerado polos entendidos coma o mellor gardarredes da categoría. O porteiro conta cunha ampla experiencia en todas as categorías nacionais e con esta son catro as tempadas que leva a defender o marco rosaleiro.

Pregunta: Balonmán Cisne, Frigoríficos Cangas, Ceuta, Granitos Ibéricos Carballal, Ribeira, Puertollano... ate chegar a nosa vila. Terás mil e unha anécdotas que contar, non? Contanos a primeira que se te veña a cabeza.

Resposta: Unha das máis divertidas foi nun regreso de viaxe co Cangas no que a deixar a Alejandro López, adestrador naquel momento, na Praza de España e cuando xa estabamos arrancando soalle o teléfono ao delegado e era Alejandro que se quedara encerrado no maletero do autobús. Esta é unha das miles que levo as miñas costas.

P: Durante uns anos cambiaste con frecuencia de entidade. Como se leva ser un trotamundos do deporte?

R: Pois non era o que máis desexaba pero foi xurdindo así. Unhas veces o cambio viña para mellorar deportivamente e outras porque non era o que eu esperaba dalgún club.

P: Cando chegas ao Rosal ves logo de ascender co equipo da tua vida, e de manterte na liga ASOBAL. Como viviste esa etapa?

R: Foi moi especial para min. Alí me formei coma xogador de balonmán e por sorte puideron xogar no primeiro equipo e na máxima categoría do balonmán. Ademais de todo isto ouden facer grandes amigos, como o capitán do equipo (Fernando Eijo), que agora mesmo é padriño dunha das miñas fillas.

P: Aceptas a proposta do Acanor Novás rexeitando continuar no Frigoríficos Cangas. Como se produce ese 'paso atrás' deportivo na tua carreira?

R: Eu non creo que fose un paso atrás, se non a búsqueda de outros obxetivos. Estaba moi a gusto no Cangas pero a idea era tratar de axudar a un dos clubs míticos galegos a ascender de

categoría, o cal era un bo reto que todavía non puidemos conseguir, pero agardo que dentro duns meses cumpla o obxectivo co que cheguei ao Rosal.

P: No Rosal temos aos teus ex coma un espello no que reflexarse por modelo, prosecto, seriedade... Encontras similitudes entre ambos clubs?

R: Hoxe en día si hai similitudes. A directiva mira pola canteira que é o máis importante ademáis de ter un adestrador que coñece ben o balonmán galego. Coido que o Novás está no camiño adecaudao e ten mimbres para conseguir chegar máis arriba sin ter que poñerse límites.

P: Ate o de agora non logramos o obxectivo co que voñeste ao Novás. Que crees que nos faltou para logralo? Vamos polo bo camiño?

R: Penso que un pouco de sorte faltou. O primeir ano a baixa de Sergey deixou a primeira liña mermada, que nunha fase e importantísimo, e na segunda quedamos fora por un gol de diferenxia no computo global. Ademáis en ambas fases tocaronnos primeiro o Balonmán Nava e despois KH7 Granollers, que eran moi fortes e co tempo estase demostrando.

P: Con esta son catro as tempadas que, como mínimo, defenderás a camisola vermella. Como se leva percorrer 150 km cada día para vir adestrar?.

R: Faise pesado pero sempre vimos varios compañeiros e levase mais ameno. Ademáis se estás a gusto e con obxetivos faese de boa gana.

P: Xunto a Manu e César eres un dos capitáns. Que sinte un xogador non nado en O Rosal ao portar o brazalete?

R: É unha honra, sobre todo porque fun escollido polos meus compañeiros, así que iso significa que no tempo que levo xa me colleron algo de estima. Tamén é unha responsabilidade xa que temos que estar para axudalos no que sexa.

P: Con 33 anos, como se leva compartir vestiario cun plantel que ten unha media de 25?

R: A verdade e que é unha situación rara para min. Por primeira vez son o xogador máis veterano, pero gracias a eles sintome máis novo e iso é de agradecer.

P: E que nos podes dicir de este vestiario.

R: Hai un ambiente moi bo, nadie desentona e todos remamos cara o mesmo setnido. Os que xa estabamos levamonos moi ben e os recién chegados acopláronse perfecta. Este vestiario é dos mellores nos que estiven.

P: Xa falando sobre a tempada que acaba de comezar, na pretemporada os resultados non foron tan brillantes como anos atrás. Sen embargo no inicio de liga, aínda que sexa moi pronot, estamos vendo a un Novás moi serio e maduro. Cales son os puntos fortes de este equipo e onde debemos mellorar?

R: Eu non sei se é por ser porteiro pero penso que os equipos se deben facer de atrás cara adiante. A nosa defensa debe ser o punto forte e o resto chegará.

Temos xogadores de moita calidade en ataque así que ese non será ningún problema. Todavía nos queda traballo conxunto pero é lóxico, xa que levamos dúas xornadas.

Aínda que os resultados non fosen os mellores, estabamos tranquilos. A pretempada é unha etapa de carga física e traballos específicos así que na miña opinión pouco se van parecer aos de competición. Agora si que se verá pouco a pouco o noso potencial.

P: A que equipos ves como favoritos para clasificarse para o sector?

R: Para min, Lalín, Xiria e nos estamos un punto por enriba de o resto, sen desmerecer a equipos como Chapela ou Porriño.

P: Cales son para ti o mellor xogador ofensivo, defensivo e porteiro da categoría?

R: Aínda é pronto para responder a isto, pero intentando facelo

solo se me veñen a cabeza compañeiros de equipo. Máis adiante poderemos facelo mellor.

P: Como sería un 7 ideal formado por xogadores cos que compartises vestiario?

R: [Vicente Álamo](#), Pablo Sánchez, Tihomir Doder, Oleg Lvov, Lulu, Suso Soliño e Fernando Eijo.

E para rematar, varias preguntas cortas:

Un recordo ➡→ O ascenso co Carballal a primeira nacional.

Unha anécdota ➡→ Os miles de kilometros en furgoneta.

Un gol que non olvidarás ➡→ O do ascenso co Carballal do meu compañeiro Nico.

Un compañeiro ➡→ Fernando Eijo.

Xogador favorito ➡→ Kasper Hvidt.

Unha película ➡→ 'La vida es bella'.

Un lugar ➡→ Cangas do Morrazo.

Como te ves dentro de dez anos ➡→ Espero que igual de feliz que hoxe en día disfrutando da miña familia e amigos. Non necesito máis.